

O REINADO DOS REIS CATÓLICOS.
DESCUBRIMENTO, CONQUISTA E
COLONIZACIÓN DA AMÉRICA HISPÁNICA.
A MONARQUÍA HISPÁNICA DOS AUSTRIAS.

1. O REINADO DOS REIS CATÓLICOS

Os **Reis Católicos** (Isabel de Castela e Fernando de Aragón), tras o seu matrimonio crearon unha **unión dinástica** e un novo modelo de **monarquía dual**, conservando a autonomía e independencia de goberno dos dous monarcas nos seus reinos.

EXPANSIÓN PENINSULAR

- Anexión de Granada en 1492.
- O reino de Navarra pasa á coroa hispana en 1515, aínda que conservando os seus foros, leis e institucións.
- Co reino de Portugal intentouse a unión con alianzas matrimoniais, que frutificaron cando Felipe II herdou a coroa portuguesa en 1580.



Escudo dos Reis Católicos

POLÍTICA EXTERIOR


- Buscaron converter a monarquía nunha potencia militar no **MEDITERRÁNEO**, enfrontándose a Francia, recuperando os condados de ROSELLÓN e CERDAÑA, conquistando o REINO DE NÁPOLES; aos piratas bérberes conseguiron as prazas de MELILLA, ORÁN, ALXER e BUXÍA.
- No **ATLÁNTICO** conquistaron as **ILLAS CANARIAS** entre 1478 e 1496. Despois do descubrimento de AMÉRICA en 1492 por Cristovo Colón, as rutas comerciais do Mediterráneo perderon importancia.
- **Alianzas matrimoniais**: intentando illar a Francia, casando aos seus fillos con herdeiros das casas europeas.

Video: <https://www.rtve.es/play/videos/isabel/isabel-alianzas-matrimoniales-hijos-reyes-catolicos/2699523/>



1. Que dificultades tiveron que vencer Isabel e Fernando antes de unir ambos os reinos baixo a súa Coroa?
2. En que dirección centraron os monarcas a súa política internacional? Que rumbo tomou a política da monarquía tras o descubrimento de América?
3. Atende con atención ao vídeo das alianzas matrimoniais e explica que obxectivos perseguían. Tiveron algúns resultados visibles nos anos posteriores?

ALIANZAS MATRIMONIAIS



MONARQUÍA AUTORITARIA

Isabel e Fernando quixeron impoñer a súa autoridade nos seus reinos e limitar o poder da nobreza e o alto clero. Por iso crearon novas institucións de goberno, impuxeron a unidade relixiosa, promoveron unha diplomacia de Estado e unha ambiciosa política exterior.

CASTELA

A nobreza e o alto clero apoiaron a Xoana a Beltranexa na guerra civil contra Isabel, polo que se **lle limitou o seu poder**, creouse un **exército profesional** e creáronse **novas institucións** baixo a obediencia real:

- CONSELLO DE CASTELA**: formado por xuristas.
- CONTADURÍA REAL**: equivalía á facenda, para recadar impostos.
- REAL AUDIENCIA**: ou xuíces, impartían a xustiza en nome do rei.
- CORRIXIDORES**: para controlar os municipios.
- SANTA IRMANDADE**: unha especie de policía para garantir a orde.

ARAGÓN

Fernando tamén intentou reducir o poder da nobreza aragonesa.

Ditou a **SENTENZA ARBITRAL DE GUADALUPE**, que abolía dereitos dos señores feudais e abolía os malos usos dos señores contra os campesiños. Instaurou o sorteo para cargos municipais (**INSACULACIÓN**). Así e todo, non impuxo de todo a súa autoridade e mantivo as institucións medievais de goberno (Cortes, Deputacións e municipios) e a fórmula de goberno do **PACTISMO**, onde todas as leis e impostos había que pactalas cos grupos privilexiados de cada reino.

INSTITUCIÓNS DE GOBERNO DA MONARQUÍA



UNIDADE RELIXIOSA

- Creouse o Tribunal da Inquisición (Papa Sixto IV en 1478) para vulgar os sospeitosos de herexía ou delitos de fe.
- En 1492 instouse a todos os xudeus a converterse ao cristianismo ou abandonar o reino. Os novos cristiáns serían os **CONVERSOS**.
- Trala conquista de Granada, garantiuse aos musulmáns a practica da súa relixión e costumes. A partir de 1502, e como pasara cos xudeus, obrigóuselles a converterse. Aos musulmáns bautizados chamóuselles **MOURISCOS**.





A expulsión dos xudeus

Nós (Isabel e Fernando) fomos informados que hai nos nosos reinos algúns malos cristiáns que xudaizaban dentro da nosa santa fe católica.

Diso ten a culpa a relación dos xudeus cos cristiáns (...).

Como os xudeus se xactan de subverter a fe católica (...) acordamos mandar saír a todos os xudeus dos nosos reinos (...) e que teñen ata o fin do mes de xullo que vén para saír todos cos seus fillos, e que non ousen tornar nunca baixo pena de morte.

Decreto de expulsión dos xudeus, 1 de marzo de 1492.
(Adaptación)

1.   Explica o termino *xudaizar*.
2.  Que razóns expuxeron os monarcas para expulsar os xudeus?
3.  Canto tempo se lles deu para abandonar o reino? Que alternativa tiñan se non querían marchar?

2. DESCUBRIMIENTO, CONQUISTA E COLONIZACIÓN DA AMÉRICA HISPÁNICA

OS GRANDES DESCUBRIMENTOS XEOGRÁFICOS


CAUSAS DAS EXPEDICIÓNS XEOGRÁFICAS

En 1453, o **Imperio Otomán** ocupou a cidade de **Constantinopla** e impediu as comunicacións entre Europa e Asia a través de Oriente Próximo, para o comercio das especias e da seda.

Buscouse unha ruta alternativa cara á India e as Molucas.

Para iso impulsáronse as técnicas de navegación, creando instrumentos como o **compás**, o **astrolabio** e os **portolanos**, e se perfeccionaron as **carabelas**.

UNHA CARABELA



2. 📌 Describe as partes dunha carabela. Que función tiña a cofa? Por que eran tan grandes as adegas?

EXPEDICIÓNS PORTUGUESAS

Os portugueses buscaron unha ruta alternativa cara a India circunnavegando África. Crearon primeiro colonias comerciais na costa africana.

Bartolomé Días alcanzou o extremo sur de África chegando ao cabo de Boa Esperanza en 1488.

Vasco da Gama chegou á India en 1498.

Os portugueses monopolizaron así o comercio da seda e das especias.

Álvares Cabral chegou ao Brasil no ano 1500.

PROXECTO COLOMBINO

Cristovo Colón presentou aos Reis Católicos en **1492** o seu proxecto de chegar ás Indias por occidente. O proxecto colombino baseouse tres supostos:

-esfericidade da Terra, idea xa defendida polos sabios da Antigüidade.

-idea dun GRAN MAR OCÉANO que separaba Europa de Asia, como defendía TOSCANELLI.

-un tamaño menor do planeta, que foi o suposto máis erróneo, defendido tamén por Toscanelli, calculando unha circunferencia da Terra moito máis pequena que a que en realidade ten.

Os reis asinaron as **CAPITULACIÓNS DE SANTA FE**, polas que Colón obtería unha **décima parte** das riquezas que conseguiría e recibiría o título de **Almirante do Mar Océano** e o de **vicereí** dos territorios conquistados.



17. MAPA DA IMAXE QUE COLÓN TIÑA DE ASIA

PRIMEIRA VIAXE: os irmáns Pinzón organizaron unha frota de tres naves: A Santa María, a Pinta e a Niña. Partiron de Palos de la Frontera (Huelva) o 3 de Agosto de 1492. Tras parar en Canarias o 12 de outubro chegaron a Guanahaní, en Bahamas, bautizando á illa como San Salvador. Despois exploraron la Española e Cuba. Regresaron con dúas naves que chegaron a Baiona e Lisboa.

SEGUNDA VIAXE: En 1493. Crearon a primeira colonia comercial na Española (Haití-Re. Dominicana).

TERCEIRA VIAXE: 1498. Chegaron á desembocadura do Orinoco e as Antillas Menores de Martinica e Trinidad.

CUARTA VIAXE: 1502. Antillas Maiores e costas de América Central,

ERRO DE COLÓN (páx.232-233)

TRATADO DE TORDESILLAS (1494). Acordo entre Castela e Portugal para repartirse o mundo a partires do meridiano 370 leguas ao oeste das Illas de Cabo Verde, para limitar a súa área de influencia.

AS VIAXES DE COLÓN E A REPARTICIÓ DO MUNDO



4. En que tres supostos se baseaba Colón para o seu proxecto? Quen o influíra na súa posición?
5. Que descubriu Núñez de Balboa? A que conclusión chegou? Por que?
6. De onde procede o nome de América? Cres que é xusto? Busca nun atlas algún topónimo de América que teña que ver cos descubrimentos de Colón.
7. En que se equivocou Colón? En cantos quilómetros errou nos seus cálculos? Que illa creu ter encontrado?

EXPEDICIÓN DE NÚÑEZ DE BALBOA



CONQUISTA E COLONIZACIÓN DA AMÉRICA HISPÁNICA

A formación do Imperio americano produciuse ao longo do século XVI: primeiro a través da conquista e posteriormente a organización administrativa e económica do territorio (colonización). A conquista foi levada a cabo por expedicións militares e exploradores.

CONQUISTA DE MÉXICO

HERNÁN CORTÉS conquistou o imperio azteca entre 1518 e 1524. Derrotou aos exércitos do emperador **Moctezuma** na **batalla de Otumba** (1521). Cara ao sur conquistase o territorio maia no Iucatán. **Cabeza de Vaca** cara ao norte explora Florida, Texas e California.

CONQUISTA DO IMPERIO INCA

FRANCISCO PIZARRO e DIEGO DE ALMAGRO conquistan o imperio inca, aproveitando unha guerra civil entre o emperador **Atahualpa** e o seu irmán **Huascar**. En **1532** os españois impóñense na batalla de **Cajamarca**. Posteriormente conquistaranse os territorios máis ao sur, descubrindo as minas de ouro do Potosí, Chile (Pedro de Valdivia) e Arxentina (Garay).

A RUTA ASIÁTICA

Fernando de Magallanes comandou unha expedición en 1519 para dar a volta ao mundo e confirmar a esfericidade da Terra. A misión foi rematada por **Juan Sebastián Elcano** en 1522 (mapa páx. 251).

Miguel López de Legazpi e **Andrés Urdaneta** abriron a ruta asiática en 1571 fundando Manila e nomeando aquel arquipélago co nome de Filipinas, en honor a Filipe II

A conquista do Imperio azteca

En 1518, **Hernán Cortés**, ao mando duns catrocentos homes, saíu de Cuba para explorar o golfo de México. Cando en 1519 desembarcou en Veracruz, tivo noticias da existencia dun extenso e rico imperio, e decidiu conquistalo. Aproveitou a confusión que produciu a chegada dos españois entre a poboación indíxena para lograr aliados entre os pobos sometidos polos aztecas.

Ese mesmo ano, Cortés entrou na capital azteca, **Tenochtitlán**, e foi recibido polo emperador **Moctezuma** de maneira pacífica. Pero, en 1520, os aztecas rebeláronse e os españois víronse obrigados a fuxir de Tenochtitlán (**Noite triste**), despois de sufrir moitas baixas. Un ano máis tarde, en 1521, Cortés organizou a conquista definitiva do Imperio azteca: ocupou Tenochtitlán e ordenou destruíla. Nos anos seguintes conquistouse o resto do territorio.

A conquista do Imperio inca

Francisco Pizarro organizou a conquista do Imperio inca. Igual ca Cortés, aproveitou a inimizade dos pobos sometidos polos incas e os problemas internos do Imperio, inmerso nunha guerra civil entre dous pretendentes ao trono, Huáscar e Atahualpa. En 1532, Pizarro e uns douscentos homes apresaron en Cajamarca o emperador inca **Atahualpa**. Este pagou un gran rescate en ouro e prata para ser liberado, pero foi executado.

En 1533, os conquistadores tomaron **Cuzco**, a capital inca, asegurando o control do territorio do actual Perú, pero o dominio de todo o Imperio inca resultou longo e difícil pola súa enorme extensión, pola resistencia indíxena e polos enfrontamentos entre os propios conquistadores.



15. Francisco Pizarro.

A denuncia dos abusos

O frade dominicano **Bartolomé de las Casas** denunciou a situación de explotación dos indíxenas. El participara desde moi novo na conquista e defendeu os seus dereitos:

"Podedes estar seguros de que a conquista destes territorios de ultramar foi unha inxustiza. Comportádesvos coma os tiranos! Procedestes con violencia, cubrístelo todo de sangue e fogo e fixestes escravos, gañastes grandes botíns e robasteslles a vida e a terra a uns homes que vivían aquí pacificamente (...). Credes que Deus ten preferencias por uns pobos sobre os demais? (...)".

Bartolomé DE LAS CASAS: *Brevisima relación da destrución das Indias*, 1552.



SOCIEDADE COLONIAL

A elite colonial estaba conformada polos **CRIoulos**, descendentes dos peninsulares.

Os indios constituían a maioría da poboación.

Da unión de indíxenas con peninsulares orixináronse os **MESTIZOS**.

Os **ESCRAVOS**, procedentes da África negra, introducíronse como man de obra.

Da unión de peninsulares con poboación negra, orixináronse **MULATOS**.

ORGANIZACIÓN DAS COLONIAS

O **CONSELLO DE INDIAS** creouse para xestionar os asuntos de América, asesorando ao rei e ditando leis.

VICERREINADOS: para a organización territorial. Había o de Nova España (Caribe, México e Centroamérica) e o do Perú (sur do continente).

En cada vicerreinado había varias provincias ao mando de cales había **GOBERNADORES**. Para o goberno das cidades estaban as **AUDIENCIAS**.

A COLONIZACIÓN

EXPLOTACIÓN DAS RIQUEZAS

Os obxectivos da Coroa eran o de evanxelizar aos indíxenas e recadar o **QUINTO REAL** das riquezas. Os obxectivos dos conquistadores era o de obter terras e riquezas rapidamente.

O sistema creado foi o das **ENCOMENDAS**: a un colono (encomendeiro) asignábaselle unhas terras e un grupo de indíxenas para traballalas, coa obriga de evanxelizalos. Os indíxenas debían traballar e pagar tributos. (páx. 255).

Outro sistema foi o da **MITA**, forma de traballo forzado que obrigaban aos indíxenas a traballar nelas, en condicións moi duras, durante certos meses do ano.

Tralas denuncias de algúns clérigos dos abusos aos indíxenas (frade **BARTOLOMÉ DE LAS CASAS**) a Coroa promulgou as **LEIS DE INDIAS (1542)**, onde se prohibía a escravización dos indíxenas, e dábaselle a condición de súbditos da Coroa.

9. Le o texto de Bartolomé de las Casas.. Que feitos denuncia? Que razóns o levaron a facelo?

10. Elabora unha redacción sobre a vida dun indíxena que traballa nunha encomenda. Describe como era a encomenda, que traballos realizaba e que trato recibía.

3. A MONARQUÍA HISPÁNICA DOS AUSTRIAS

AUXE DA MONARQUÍA DOS AUSTRIAS

O IMPERIO EUROPEO DE CARLOS I



CARLOS I herdou territorios de seus avós, que gobernaron **BORGOÑA, CASTELA, ARAGÓN** e **AUSTRIA**, e reuniu baixo a súa autoridade amplos dominios a ambos lados do Océano Atlántico.

Ademais, en **1519**, trala morte de seu avó paterno, Maximiliano de Austria, foi proclamado **emperador** do Sacro Imperio Romano Xermánico e recoñecido como Carlos V de Alemaña. Este recoñecemento da autoridade imperial do monarca converteu o seu imperio en “universal”.

O seu continuo afastamento do goberno da Península suscitou receos por non se ocupar dos asuntos internos.

REVOLTAS INTERNAS CONTRA CARLOS I

- A desconfianza dos casteláns contra un rei que nunca pisara solo peninsular foi grande. Chegou a Castela rodeado dun séquito de conselleiros de Flandres e Borgoña. **A GUERRA DAS COMUNIDADES** tivo lugar entre o ano 1520 e 1522. A nobreza e parte do campesiñado uníronse contra a desatención de Carlos I aos asuntos de Castela. A batalla decisiva tivo lugar en Villalar (Valladolid, 1521) onde venceron as tropas reais. Foron detidos e axustizados os principais líderes (Padilla, Bravo e Maldonado).

11. Como se desenvolveu a Guerra das Comunidades en Castela?

12. Quen foi María Pacheco?

- As **XERMANÍAS** foi unha revolta dos artesáns e campesiños contra a oligarquía urbana, que acaparaba os cargos municipais nas cidades do reino de Valencia e cobraba arrendamentos abusivos aos campesiños. A revolta acabou en 1523 cando o rei apoiou á nobreza.

POLÍTICA INTERNACIONAL DE CARLOS I

- **FRANCIA:** rivalizou cos Habsburgo polo control da península italiana e Francisco I foi inimigo de Carlos I. Os Austrias derrotaron aos franceses na **batalla de Pavía (1525)**.
- **OS ESTADOS ALEMÁNS:** onde os príncipes apoiaron o luteranismo. Tras negociacións e moitas guerras, Carlos I, esgotado, asinou a **paz de Augsburgo (1555)**, aceptando a expansión do protestantismo.
- **A AMEAZA TURCA:** desde a conquista de Constantinopla en 1453, os turcos ameazaron o corazón de Europa polo río Danubio. Carlos I impediuno e ademais ocupou Tunes para deter o seu avance, pero non foi suficiente.

O IMPERIO DE FELIPE II



Felipe II herdou de seu pai grandes territorios en Europa, con excepción de Austria e o Imperio, en América e tamén, a partir de 1580 incorporou a Portugal e as súas posesións á Coroa de Castela. Herdou pois un imperio hispánico, e quixo manter a hexemonía europea dos Habsburgo e apoiála sobre a potencia militar de Castela. Erixiuse en defensor da Contrarreforma en Europa e emprendeu numerosas guerras contra protestantes e turcos.

Centralizou o goberno e fixou a capital en Madrid en 1561.

OPOSICIÓN INTERNA A FELIPE II

- Para manter a unidade relixiosa peninsular e manter a ortodoxia católica, o rei perseguiu xudeus e mouriscos conversos e puxo en práctica a política de "limpeza de sangue". Para iso valeuse da Inquisición e dos autos de fe para vulgar sospeitosos de non cumprir os preceptos da fe católica. En 1566 sufriu o levantamento dos **mouriscos das ALPUXARRAS** granadinas. Os mouriscos foron expulsados de Granada.
- O descontento da nobreza aragonesa tivo o seu punto culminante co caso do secretario **ANTONIO PÉREZ**. Foi acusado de conspiración e exiliouse en Zaragoza. Filipe II fixo caso omiso dos foros da Coroa de Aragón e entrou na cidade, facendo caso omiso das antigas leis aragonesas.

POLÍTICA INTERNACIONAL DE FELIPE II

- **FRANCIA**: Filipe II volve a derrotar aos franceses na batalla de **SAN QUINTÍN** (1557).
- **OS PAÍSES BAIXOS**: onde se estendeu o calvinismo. Tras duros combates entre os holandeses e os terzos hispánicos, unha parte do territorio independizouse e creou as **PROVINCIAS UNIDAS** (1579).
- **GRAN BRETAÑA**: os ingleses fustrigaban ao comercio español con América apoiando a piratería. Filipe II organizou a **ARMADA INVENCIBLE** (1588) para limitar o poder británico, pero o afundimento da frota no Canal da Mancha fixo fracasar a empresa.
- A **AMEAZA TURCA**: continuo onde a deixara seu pai, Carlos I. Filipe II aliouse con Venecia e o Papado (Santa Liga) e freou aos turcos na **BATALLA DE LEPANTO** (1571). Video: www.tiching.com/737747
- **ANEXIÓN DE PORTUGAL**: trala morte sen descendencia do rei portugués, Filipe II reclamou o trono como fillo de Isabel de Portugal. Durante sesenta anos o país veciño e as súas colonias estiveron baixo o control da monarquía hispánica.

DECADENCIA DO IMPERIO DOS AUSTRIAS

www.tiching.com/737173

O século XVII supuxo para o Imperio hispánico o inicio dunha decadencia e perda da súa hexemonía en Europa.

No ámbito internacional, as derrotas militares comportaron a perda de territorios en Europa.

En política interior destacamos a negligencia dos reis (Austrias menores), o endebedamento da Facenda pública, a dilapidación dos recursos chegados de América e o predominio social dos privilexiados, afeitos a vivir de rendas e incapaces de impulsar a economía produtiva.

REIS E VALIDOS

Os sucesores dos Austrias Maiores, Filipe III, Filipe IV e Carlos II, desatenderon o goberno, preocupándose de manter as súas rendas e prestixio. Delegaron as súas funcións en favoritos ou **VALIDOS**, que actuaron como xefes de goberno, utilizando o poder no seu propio beneficio e a corrupción e a ineficacia da administración da Coroa.

- **FILIPE III** apoiouse no **Duque de Lerma**, un dos personaxes máis corruptos da nosa historia.
- **FILIPE IV** tivo ao **Conde-Duque de Olivares** como o seu valido. Preparou un programa de reformas para fortalecer o poder real.
- **CARLOS II** delegou en **Nithard** e despois en **Xoán Xosé de Austria** as súas labores de goberno.

PROBLEMAS INTERNOS

- A maior parte dos metais preciosos que chegaban á Península non se detiñan nela, xa que servían para financiar os exércitos que se mantiñan en Europa e pagar produtos de importación que compraban no exterior. Cando empezaron a esgotarse as minas americanas, a Coroa pediu préstamos a banqueiros estranxeiros, que esixiron elevados intereses, co cal aumentaron os impostos. Con todo iso, a Facenda Real declarouse en bancarrota varias veces.
- En España, as principais fontes de riqueza foron a terra e as rendas que xeraban. A propiedade das terras estaba en mans dos privilexiados (nobreza, clero, alta burguesía) cuxa aspiración era vivir de rendas. Esta mentalidade rendista provocou que os beneficios chegados de América só servise para comprar máis terras e produtos de luxo, non para a creación de actividades produtivas. Esta situación, unida á continua subida dos prezos (**INFLACIÓN**), sumiu na pobreza á maioría da poboación.

A GUERRA DOS TRINTA ANOS

Durante o reinado de Filipe IV iníciase a Guerra dos Trinta Anos (1618-1648), que foi un conflito relixioso e hexemónico polo dominio de Europa.

Esta guerra enfrontou aos príncipes alemáns protestantes co emperador católico de Austria. O conde-duque de Olivares foi partidario de entrar na guerra ao lado dos Habsburgo. O conflito rematou coa derrota das tropas imperiais e españolas. En 1648 asinouase a **PAZ DE WESTFALIA** que recoñecía a independencia do norte dos Países Baixos (Provincias Unidas).

O IMPERIO HISPÁNICO NO SÉCULO XVII



13. En que contexto se produciu a Guerra dos Trinta Anos? Por que se involucrou nela a monarquía hispánica?

14. Que reformas propuxo Olivares para facer fronte ao esforzo bélico? Que obxectivos perseguía a Unión de Armas?

15. Que conflitos internos tiveron lugar en 1640? Que causas o provocaron? Como se desenvolveron e finalizaron?

PROGRAMA CENTRALIZADOR DE OLIVARES

O conde-duque de Olivares iniciou un programa para integrar os distintos reinos nun Estado común e centralizado, coas mesmas leis e institucións, segundo o modelo das de Castela. Creou a denominada **Unión de Armas** que propoñía que, ademais de Castela, o resto dos territorios da Coroa contribuísen con tropas e impostos ás necesidades militares para defender o Imperio.

REVOLTAS DE 1640

Video: www.tiching.com/737175 A presión fiscal sobre os reinos e a Unión de Armas derivaron na crise de 1640:

- **Portugal** esixiu a independencia e proclamaron rei ao duque de Branganza, Xoán IV.
- **Cataluña**, trala imposición de novos impostos iniciouse unha sublevación de campesiños (Corpus de Sangue). As clases dirixentes uníronse á sublevación e puxeron a Cataluña en mans de Francia. Esta insurrección finalizou en 1652, cando os exércitos de Filipe IV toma a cidade de Barcelona.
- Houbo tamén algunhas conspiracións contra as pretensións do rei en **Andalucía, Aragón e Navarra**.

Crise demográfica e económica do século XVII (fai un esquema da páxina 206)